Vista a memoria explicativa elaborada polo arquitecto municipal de obras no que se sinalan os usos actuais e os usos que se pretenden para dita parcela, e na que se recolle que se destinará ós mesmos usos que a parcela colindante de 340 m² cedida con anterioridade a este Concello (referencia catastral 295922PJ1325N0001TB), sendo éstes zona verde e zona de desconxestión nunha área totalmente urbanizada, acondicionándoa para uso veciñal e convertila nun punto de visita turística, plantexándose desenvolver na mesma unha zona na que se poda ofrecer ós habitantes un entorno que fomenta o encontro, o intercambio e o descanso. Permite así mesmo o acceso á parcela xa cedida, que sen a cesión desta atópase sen acceso. A delimitación dos principios para a creación da zona de ocio referida, segundo se indica na memoria técnica, obtérase mediante a análise das pautas de comportamento e das necesidades dos usuarios, e mediante a búsqueda das solucións que se consideren máis apropiadas e eficaces. A urbanización da parcela adaptarse ó entorno no que atopa inmersa. Para crear esta zona de reunión considérase necesario acondicionar o terreo mediante nivelación, aportación de terra vexetal e plantación de césped, dotala de mobiliario urbano, bancos e papeleiras, dispoñer de alumeadado público, crear sendeiros peatonais, plantación de arboleda e dotación dunha rede de sumidoiros de drenaxe do terreo e evacuación de augas pluviais.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á aprobación, acordándose por unanimidade dos presentes:

Primeiro.- Acordar manifestar o compromiso firme de adicar a parcela ós fins de utilidade pública e interese social descritos na memoria técnica explicativa elaborada polo arquitecto de obras municipal, mantendo en todo momento ditos usos de utilidade pública e interese social.

Segundo.- Remitir o presente acordo, acompañado dunha copia da memoria explicativa dos fins ós que se pretende adicar o ben, ó Servizo Provincial de Costas.

7.- ADHESIÓN Ó CONVENIO DA FEMP E SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES.

Visto o Convenio suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), en data 29 de outubro de 1996.

Visto o modelo de documento de adhesión a dito convenio.

Visto o informe favorable de intervención ó acordo de adhesión ó convenio referido.



Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes:

Primeiro.- Adhesión do Concello de Viveiro ó Convenio suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), en data 29 de outubro de 1996.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa para levar a cabo os trámites necesarios para levar a efecto o acordado no punto primeiro.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. “CONTRA O CATASTRO DO PARTIDO POPULAR”.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que a Xerencia do Catastro estivo cobrando ós contribuíntes un importe de 60 euros por unhas supostas modificacións catastrais, e que as posibilidades que ofrecen é que vaian a catastro a ver o expediente ou tamén que se faga por internet. Se se accede por internet o que se observa son as alteracións dos valores e figura se existiu unha reforma parcial ou total. Hai algunhas subidas desproporcionadas, incluso supostos de vivendas sociais que non sufriron alteracións e contan con incrementos, e casos de vivendas unifamiliares cunha subida do 500%. Isto conleva que existan xubilados cun IBI de 500 euros pola súa vivenda, e unha pensión de 700 euros. Considera que hai que facer unha adaptación por parte do goberno central, que impuxo unha subida obrigatoria do 10%, e por parte do Concello mirar que se pode facer para adecuar o pago do imposto á situación económica das familias. Procede á lectura dos puntos que se propoñen como acordo na moción, indicando que se propón solicitar o apoio dos distintos grupos políticos, presentes no parlamento da Xunta de Galicia, para que insten ó Goberno de España, a revocar estes acordos de alteración catastral, e confeccionando un catastro acorde ás posibilidades reais dos contribuíntes, tendo en conta os salarios e pensións dos veciños; instar ó equipo de goberno deste Concello, a revisar o tipo impositivo, pra tratar de adecuar o mesmo a uns baremos menores, para que se ciñan ás posibilidades reais dos veciños e instar ó equipo de goberno deste Concello, a modificar a ordenanza, e posibilitando o pago trimestral dos recibos, sen ter que solicitar o fraccionamento, xa que desta maneira redundaría nunha mellor liquidez para o Concello e na posibilidade dunha facilidade de pago para os cidadáns.

Engade que están dispostos a mellorar as propostas de acordo, xa que a intención é contar cun tipo impositivo que os veciños de Viveiro podan pagar. Engade que o que se pretende non é recortar os servizos, senón que se manteñan os mesmos, sinlando que nun pleno do 30 de xaneiro de 2012 se manifestou que se trataba dunha recadación aproximada duns 400.000 euros. Explica que no punto terceiro dos acordos non se pretende impoñer un pago trimestral, senón que exista a posibilidade de facelo, e que o



contribuínte que queira pagar todo xunto poda facelo, pero que tamén exista a posibilidade de facelo de forma fraccionada. Así mesmo indica que se os servizos técnicos plantexan outras posibilidades mellores o seu grupo está disposto a aceptalas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o seu grupo está de acordo coa exposición de motivos, xa que entende que se trata de subidas importantes que afectan moito ás economías familiares, e que o que esteñan nas mans do Concello se debe facer. Pregúntalle ó portavoz do Grupo do i.V.i., se pode cambiar a palabra “revocar” do primeiro punto por “modificar”, e pregúntalle así mesmo en que consiste o “ter en conta os salarios e pensións dos veciños”, xa que o IBI grava propiedades, e polo tanto non ten claro que se puidese condicionar a este aspecto.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para dicir que se trata dunha moción coa que se pode estar de acordo nalgunhas cousas, xa que se trata de cuestións que afectan ó goberno central, como sería o cambio da lexislación, no que manifesta o seu acordo, así como tamén en revisar o tipo impositivo sempre que non repercuta nos servizos que presta o Concello. Respecto ó punto terceiro indica que neste momento non se pode modificar a ordenanza porque entran en vigor a 1 de xaneiro polo que terían que estar aprobadas antes do 31 de decembro, polo que propón o voto separado de cada punto.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que está de acordo coa moción, aínda que manifesta a súa dúbida respecto a como se artellaría a relación do tipo impositivo do IBI coas rendas. Respecto ó punto terceiro engade que ten que haber ordenanzas e orzamentos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o motivo de utilizar a palabra “revocación” é porque se trata de que se deixe sen efecto un acord, algo parecido ó que pasou cos pensionistas do extranxeiro. Deste xeito non cabe solicitar a modificación, xa que se trata de que se anule, se deixe sen efecto e os contribuíntes non teñan que pagar por un servizo que ten que facer a Administración, que está para axudar ós administrados e non para sablealos. Indica que entende que ese servizo supón un custo, pero tamén o supón a carta que lles envían ós pensionistas decíndolles o que lles subeu a súa pensión, e esa carta podía ser prescindir. Explica que o que se pretende é que o que se pague vaia en consonancia co salario medio dos contribuíntes, porque non pode pagar 500 euros un pensionista. Señala que habería que revisar as valoracións e os tipos impositivos. Apunta a que nos últimos tempos calquera escritura que se realiza é revisada á alza, algunhas incluso por encima do valor de mercado, polo que se pide que se adapten os valores, xa que se se pon o valor de mercado o que hai que facer entón é baixar os tipos impositivos. Por outro lado o que ten unha propiedade vai pagar un recibo, e o que ten 15 propiedades pagará 15 recibos, pero o que hai que facer é baixar o tipo impositivo, xa que hai vivendas unifamiliares cun incremento moi elevado, e son polos que hai que preocuparse, non polo contribuínte que teña 15 inmobles. Por iso entende que debe ser algo combinado entre o Estado e o Concello, que se baixen os valores e os tipos, para que se xeren uns



recibos con posibilidades reais de pago. Engade que non ten problema en que se voten por separado os puntos da moción. Manifesta que xa teñen coñecemento de que para este ano non se pode facer, pero sí se pode acordar para o ordenanza do ano seguinte esteña quen esteña. Indica que saben que non se pode establecer un imposto en función do salario, senón que o que se quere é un recibo que se adapte ó que se cobra en xeral, porque todos son coñecedores en xeral de cal é a capacidade económica en Viveiro. A intención desta moción é dar facilidades ós contribuíntes para que sexa máis fácil o pago, e respecto á forma de facelo aceptan calquer forma viable que leve a este fin. Engade que esta proposta xa a presentaron no ano 2012 e tamén en xuño de 2014, e naquel momento aínda se estaba en prazo pra que puidese aplicarse ó 2015, pero a intención non é criticar nada senón dar solución ó que consideran unha emerxencia social. Este ano xa non ten solución pero hai que arranxalo para os vindeiros anos, e recorda que a súa proposta en xuño se votou a favor por unanimidade.

Intervén a Sra. Alcaldesa para aclarar que a día de hoxe para os contribuíntes que o solicitan se lles permite o pago fraccionado. Engade que cos matices aclarados polo portavoz do Grupo do i.V.i. xa non é preciso o voto separado dos puntos da moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para preguntar como se actuaría no suposto dunha persoa cun salario baixo e varias propiedades.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o que se pretende é adaptar os recibos á media dos salarios, e o contribuínte que teña varios recibos terá que pagalos e no caso de que non lle poda facer fronte ós gastos derivados dos seus bens inmobiliarios terá que vendelos, xa que o problema é o suposto do pago do imposto da vivenda habitual, non o do contribuínte con varios inmobles. Engade que incluso sería bo que a solicitude de fraccionamento unha vez presentada se mantéña vixente ata que a mesma se revoque polosolicitante.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a aprobación da moción presentada polo Grupo Municipal do i.V.i., no sentido explicado no debate, do seguinte xeito:

Primeiro.- solicitar o apoio dos distintos grupos políticos, presentes no parlamento da Xunta de Galicia, para que insten ó Goberno de España, a revocar estes acordos de alteración catastral, e confeccionando un catastro acorde ás posibilidades reais dos contribuíntes, tendo en conta os salarios e pensións dos veciños.

Segundo.- Instar ó equipo de goberno deste Concello, a revisar o tipo impositivo, pra tratar de adecuar o mesmo a uns baremos menores, para que se ciñan ás posibilidades reais dos veciños.

Terceiro.- Instar ó equipo de goberno deste Concello, a modificar a ordenanza, e posibilitando o pago trimestral dos recibos, sen ter que solicitar o fraccionamento, xa



que desta maneira redundaría nunha mellor liquidez para o Concello e na posibilidade dunha facilidade de pago para os cidadáns.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. RELATIVA Á BAIXADA DO TIPO IMPOSITIVO DO IBI URBANO.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, que procede á lectura da moción, que en resumo recolle que no ano 2011 se adoptou un acordo de subida do IBI, cos votos en contra do grupo do P.P., quedando establecido no 0,79%. O Grupo do P.P. xa pediu baixar o tipo impositivo nos plenos de 2011 e 2012. Nestes momentos tendo en conta que aumentou o número de inmobles e nalgúns casos os eu valor catastral, o que fixo aumentar a recadación municipal e tendo en conta o aforro para o Concello da eliminación dos intereses da débeda orixinada polo Plan de pago a provedores, non existe motivo para gravar máis ós viveirenses, polo que propoñen unha baixada do tipo impositivo do IBI do 0,79% ó 0,69%, polo que solicitan que se adopte acordo plenario de deixar sen efecto a suba do IBI aprobada o 10 de novembro de 2011, rebaixando e establecedendo o tipo impositivo de IBI urbano do 0,79% ó 0,69%, tal e como o Grupo Municipal do P.P. solicitara nos anos 2011 e 2012.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se sorprende de que o P.P. presente esta moción porque sempre defende os recortes da Xunta de Galicia e do Estado e agora presenta unha moción para baixar o tipo impositivo do IBI, preguntándose se influirá que hai eleccións en dous meses. Manifesta que para o ano 2015 non é legal o acordo que se pretende, xa que o devengo do imposto se produce a un de xaneiro. Engade que no 2011 se procedeu á subida do imposto pero non ó máximo permitido, xa que o máximo permitido é o 1,1%. Indica que a Lei do 2013 establece un incremento obrigatorio do 10%, polo que para o 2015 iría en contra da normativa estatal. Sinala que o aumento que se fixo no 2012 foi en cumprimento doutra norma estatal, un Real Decreto do 2011, concluíndo que non se pode baixar. Engade que tampouco o permite o Plan de Axuste, que foi aprobado por unanimidade, en virtude do que incluso habería que subilo. Propón a retirada da moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para pedir que informe a Secretaria Municipal da legalidade do acordo proposto na moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que lle dará a palabra á Secretaria Municipal unha vez rematado o primeiro turno da palabra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que con esta moción se ve a hipocresía do P.P., xa que sube os impostos e en Viveiro quere reducilos. Sinala que para o 2015 non se pode facer e de cara o 2016 que governe xa acordará as modificacións oportunas, xa que esta moción considérasea un populismo previo ás eleccións, e propón unha modificación ó punto que se propón como acordo, do seguinte xeito: propoñer ó goberno do Estado que rebaixe a subida obrigatoria do 10%, e que se realice un análise da cuantía que suporía a baixada do



tipo impositivo do IBI. Indica que de aceptarse esta modificación no punto acordo o B.N.G votaría a favor da moción, doutro xeito votarái en contra.

Intervén en representación do grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo non vai entrar na exposición de motivos, xa que considera que non se pode falar dunha redución concreta do tipo impositivo sen un previo estudo económico, e propón que se modifique o punto do acordo. Engade que neste momento non se pode baixar o tipo impositivo pola obriga estatal da subida do 10%, aínda que exista moita vontade, indicando que no 2012 se dixo que esa subida supoñía uns 400.000 euros, entendendo que hoxe será algo máis. Sinala que a Lei 16/2013 prorrogou por dous anos máis esa subida do 10%, polo que para o 2015 por moito que se quixese baixar o tipo impositivo está complicado, engadindo que o ideal é que para o 2016 o goberno do Estado deixe esta subida sen efecto e non a siga prorrogando. Engade que se se realiza un estudo económico previo sí se estaría de acordo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra á Secretaria Municipal ós efectos de que informe sobre a legalidade da proposta de acordo da moción.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que se o acordo pretende realizarse para aplicar ó exercizo 2015 non sería posible, posto que o devengo do IBI xa se ten producido, o 1 de xaneiro, e por outra banda a normativa estatal que obriga á subida do 10% do tipo impositivo é de aplicación ó presente exercizo, polo que se entende que unha baixada pra este exercizo iría en contra da previsión da norma estatal. Para o ano 2016 non existe constancia nete momento de normativa estatal que obrigue a dita subida polo que para ese exercizo o acordo de baixada do tipo impositivo enténdese que non conculcaría a normativa estatal. Respecto ó cumprimento do Plan de Axuste enténdese que debe ser Intervención quen informe sobre este aspecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ó Interventor Municipal (por delegación) ós efectos de que informe sobre o incumprimento do Plan de Axuste da proposta de acordo da moción.

Intervén o Interventor Municipal (por delegación) para dicir que o Plan de Axuste con este acordo non se cumpriría, a parte de que para cumprirse esixe unha subida, coa decisión do acordo proposto iríase en contra dunha decisión plenaria.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que propón que o acordo se adopte para o 2016, porque está claro que apra o 2016 non é ilegal. Acepta incorporar a proposta de modificación do acordo plantexada polo grupo do i.V.i., que se estude se é posible a baixada, para o ano 2016. Sinala que non incorpora a proposta do grupo do B.N.G., xa que entende que pedir se pode querer pedir a lúa, pero o que se pretende é que os veciños de Viveiro paguen menos, polo que se acepta a modificación do acordo no sentido de que se propón que se faga un estudo económico con cifras reais.



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que non se aceptará o punto primeiro que se propoñía modificar pero o segundo sí, xa que se propoñía polo B.N.G. a realización dun estudo económico. Pregúntalle ó portavoz do Grupo do P.P. se se mantén o acordo da moción engadíndolle a realización do estudo económico ou se modifica para a realización do estudo económico.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que a proposta de acordo se modifica no sentido de que se realice un estudo económico para ver se se pode baixar o tipo impositivo para 2016 e en que medida.

Intervén en representación do grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que se trata entón de incorporar ó xa aprobado na moción anterior, a realización do estudo económico para o ano 2016.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que deste xeito se cambia totalmente o sentido da moción, posto que o acordo sería elaborar un estudo económico para baixar o tipo impositivo de cara a 2016.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes aprobar a moción presentada polo Grupo do P.P., no sentido exposto no debate, do seguinte xeito:

Primeiro.- Elaborar un un estudo económico para ver se se pode baixar o tipo impositivo para 2016 e en que medida.

10.-ROGOS E PREGUNTAS.

A.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 02/03/2015 (Nº DE REXISTRO 1.368):

Por parte do Grupo Municipal do P.P. fórmulanse as seguintes preguntas:

1.- No DOG do 13 de febreiro de 2015, publicase a RESOLUCIÓN do 5 de febreiro de 2015 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 12 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se proceda á súa convocatoria para o ano 2014.

Como queira que Viveiro non aparece en tal relación e polo que lle preguntamos á Sra. Alcadesa:

1º) Solicitaron dita subvención para o 2014?



- 2º) En caso afirmativo, porque non llela concederon?
- 3º) En caso de non tela solicitado, cal foi o motivo?

2.- A ORDE do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. Como queira que o prazo para presentar a solicitude desta subvención remataba o 24 de febreiro de 2015, e polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

- 1º) Solicitaron dita subvención para este ano 2015?
- 2º) En caso de non tela solicitada, cal foi o motivo de non facelo?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que quere deixar claro o proceder deste Concello respecto á petición de subvencións, xa que se non se solicita algunha non é por desidia, senón porque se considera con mellor ou peor criterio que non convén a súa solicitude. Así explica que hai uns técnicos que se encargan de comprobar todos os días as subvencións que saen e mírase se compensa solicitalas, xa que nalgúns casos o financiamento que se ofrece chega só ó 70% ou incluso menos. Engade que no 2008 se fixo unha inversión neste inmovible por aprte do Concello, remodelando cuberta e fachada, polo que se entendeu que non compensaba unha subvención na que o Concello tiña que aportar un importe considerable.

3.- A RESOLUCIÓN de 18 de decembro de 2014 establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e procede á súa convocatoria para o ano 2015. Como queira que no ano 2014 non a solicitaron, e dado que o prazo de presentación de solicitudes para este ano 2015 rematou o 19 de febreiro, e polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

- 1º) Solicitaron dita subvención para este ano 2015?
- 2º) En caso de non tela solicitada, cal foi o motivo de non facelo?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que na oficina de turismo subvencionaban unha persoa, pero non ó 100%, polo que se entendeu que non conviña a súa solicitude.

4.- A RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2014 establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. Como queira que no noso Concello temos tres festas que encaixan nesta denominación –Rapa de Candaoso, Naeiro e Festa da



Merluza-, e dado que no ano 2014 non solicitaron ditas subvencións e o prazo para as de 2015 remata o 19 de febreiro, e polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

- 1º) Solicitaron dita subvención para este ano 2015?
- 2º) En caso de non tela solicitada, cal foi o motivo de non facelo?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a ten que solicitar o Concello e adiantar o diñeiro, sen ter garantías da súa aceptación. Engade que se solicitou a de Naseiro por tradición. Engade que a Xunta de Galicia deu 40.000 euros á Xunta de Cofradías para a Semana Santa, e o Concello non pode solicitado, sen embargo ó Concello de Ferrol permíteselle solicitala directamente o Concello, supón que porque é do P.P.

B.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 22/02/2015 (Nº DE REXISTRO 1.266):

Por parte do Grupo Municipal do P.P. fórmulanse os seguintes rogos:

1º) No calexón da rúa Amargura na parroquia de Celeiro (que vai desde a rúa do Porto ó Celeiriño) e no calexón da Rúa Atalaya, ha un acceso empinado con algunhas zonas que teñen todo, co conseguinte perigo de caída para os veciños que usan este calexón. Por este motivo ROGAMOS ó Goberno Local que acometa a limpeza deste lodo, o que sen dúbida mellorará a seguridade para todos os usuarios deste vial.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que debido á humidade do inverno se crea berdil e entre o persola o persoal de obras había unha persoa que se encargaba do chorro das rúas e que leva seis meses de baixa, polo que se vai con retraso. Apunta que se toma nota da petición.

2º) Este grupo municipal está recibindo queixas das empresas e condutores dos autobuses escolares, como consecuencia de que en moitas ocasións teñen que deixar ós nenos e nenas en plena estrada, xa que as súas zonas de parada o carón dos colexios, encóntranse ocupadas por vehículos particulares, provocando deste xeito unha notable falta de seguridade para estes alumnos. Por este motivo ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que tome as medidas necesarias, para que a Policía Local vixie con máis regularidade estas paradas, sobre todo nas horas das entradas e saídas dos colexios.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concello a petición da empresa, de educación e das nais, pintou algunhas zonas, como por exemplo en Valdeflores. Engade que non se teñen noticias de máis queixas, xa que as peticións que houbo xa están solventadas.

3º) No pleno do 2/10/2014 este grupo municipal presentou un Rogo solicitando a reparación de varios terrazos rotos e soltos nunha das beirarrúas da avenida



Misericordia, fronte ó acceso ó Supermercado DÍA, por resultar perigosos para os viandantes. Por este motivo ROGAMOS, unha vez máis, que se realicen os traballos necesarios para a súa reparación o antes posible, evitando así riscos innecesarios para os peóns.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concelleiro de obras se puxo en contacto co xerente da empresa do supermercado Día, que se comprometeu a restituilas cando o tempo o permitise.

4º) Os efectos da actividade da saca de madeira fanse máis evidentes coa chegada das choivas, o que provoca danos nas pistas e infraestructuras públicas, provocando en moitos casos lama que dificulta a circulación polas mesmas, tal e como nos teñen comentado varios veciños de distintas parroquias. Así mesmo tamén temos observado a falta de adopción de medidas de seguridade tanto para os vehículos como para os viandantes que camiñan por estradas, cerca do corte desta madeira. Por este motivo ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que por parte da Policía Local se realice un control máis exhaustivo, tanto na sinalización vial, como nas medidas de seguridade nestas cortas, para garantir a seguridade tanto de vehículos como de peóns.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que habitualmente se realiza un seguimento e se require para que limpen e arranxen os desperfectos, pero nalgunha ocasión non avisan, polo que apunta que o grupo do P.S.O.E. presentará no seguinte pleno unha proposta para evitar que estes feitos se sigan producindo.

C.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 25/02/2015 (Nº DE REXISTRO 1.265)

Por parte do Grupo Municipal do P.P. fórmulanse as seguintes preguntas:

1.- No pleno do 2/10/2014 o grupo municipal do PP presentou unha pregunta dirixida á Sra. Alcaldesa interesándonos pola obra paralizada na rúa Emilio Bouza Basanta, ó carón das vivendas sociais de O Pedregal na parroquia de Covas. A súa resposta, tal e como consta en acta, foi que o tema estaba en mans dos técnicos de Urbanismo e que ía ter unha reunión con Andrés López e os Molineros. Como queira que a día de hoxe, a situación sigue igual., coas augas estancadas no oco da obra e o mesmo cheiro nauseabundo, así como o abandono que sufren os veciños desta zona e polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

- 1º) Que xestións se fixeron neste sentido para dar solución a este problema?.
- 2º) En caso de que así fora, pode detallarnos en que consistiron?.

Intervén a Sra. Alcaldesa pra dicir que se realizaron diversas reunións, e non existe unha vontade real de arranxo, estando nestes momentos todo en mans do xulgado, pendente



de xuízo para o mes de maio, non podendo nestes momentos facer nada máis xa que non se sabe quen é o dono

2.- Nos asuntos e resolucións que se achegaban á sesión ordinaria do Pleno do 8 de xaneiro de 2015, aparece o expediente de modificación de créditos 28/2014 cun incremento de 37.000 € para enerxía eléctrica alumado público. Por esta razón lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

1º) Cal é o motivo que orixinou este incremento no alumado público?

Intervén a Sra. Alcaldesa pra dicir que se debe ás múltiples subidas na tarifa eléctrica no pasado ano.

D.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 18/02/2015 (Nº DE REXISTRO 1.127):

Por parte do Grupo Municipal do P.P. fórmulanse os seguintes rogos:

1º) Este grupo municipal fixo un Rogo no Pleno do 8/5/2014 ante a solicitude de varios veciños da parroquia de Galdo para que se puxeran contenedores de vidro e cartón no lugar da Feira, preto do Bar Casa Eladio. Como queira que ó día de hoxe non se colocaron e polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa ou ó Delegado de Medio Ambiente, que atendan dunha vez esta petición e se coloquen os citados contenedores en Galdo e xa de paso aproveiten para poñerlle suxeccións ó resto de contenedores desta parroquia que carecen deles.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que os contenedores de vidro e cartón se colocaron no lugar da feira, engadindo que non se pode atender ás peticións de forma inmediata porque se está condicionado á dispoñibilidade do persoal municipal.

2º) No pleno do 2/10/2014 este grupo facialle un Rogo á Sra. Alcaldesa dando traslado das peticións de varios veciños do Barrio de Verxeles, na súa maioría persoas de idade, da necesidade de máis bancos para sentarse xa que os que había resultaban insuficientes. A súa resposta foi que cando fose posible e que a idea era facelo cando se acometese na zona a obra para dotar a Viveiro dun dobre sentido de circulación. Como dita obra xa comenzo e polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que realice as xestións oportunas para a colocación dos citados bancos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as obras xa comezaron, pero aínda non remataron, téndose presente este rogo.

3º) Nas casas preto da Ponte en Portochao, na parroquia de Galdo (carretera LU-P-6602) hai un tubo que atravesa a estrada e que se encontra tupido, motivo polo que en época de choivas non evacua correctamente e provoca que algunhas destas vivendas se



inunden. Segundo os veciños desta zona levan preto de tres anos sufrindo esta situación, motivo polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que se proceda a destupir o mencionado tubo ou se dirixa ó organismo competente e traten de darlle unha solución para evitar que este problema se siga repetindo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o concelleiro de obras xa hai tempo que se puxo en contacto coa empresa VIAQUA para que se desatascase, creendo que xa se había feito, polo que se poñerá novamente en contacto con dita empresa.

4º) Tamén na parroquia de Galdo, tal e como nos comentan varios veciños, existe un eucalipto cruzado na Ponte de Cal –xa dende decembro-, motivo polo que estes temen que se hai unha riada poida desbordarse o río. Por este motivo lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que procedan a súa retirada ou ben se dirixa ó organismo competente para liberar a ponte da mencionada árbore.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se retirou.

5º) Na ponte de San Martiño en Galdo hai un enorme socavón que entraña un grave risco para os vehículos, motivo polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que proceda o seu amaño ou se dirixa ó organismo competente para que lle den unha solución e evigtar os riscos que entraña dito socavón nesta vía pública

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que visitada a zona polo concelleiro de obras manifesta que non observa ningunha fochanca, pero está disposto a acompañar ó concelleiro augtor do rogo a visitar a zona.

E.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DATA 09/03/2015 (Nº DE REXISTRO 1677)

Por parte do Grupo Municipal do B.N.G. fórmulanse as seguintes preguntas:

1. No pasado pleno, os grupos municipais do PSOE e iVi aprobaron a prórroga do contrato da recollida do lixo durante dous anos, ata decembro do ano 2017. A Alcaldesa afirmou que para que a empresa concesionaria puidera levar a cabo a Nave Industrial, obrigatoria por contrato, xa se puxeran a disposición os terreos no polígono industrial de Landrove, propiedade do Concello de Viveiro. É por isto que preguntamos:
 - a. ¿Con que data exacta se puxo a disposición a parcela no Polígono Industrial para a execución da nave?
 - b. ¿Con que data recepciónou o Concello de Viveiro a parcela no polígono industrial por parte de Xestur e da Xunta de Galicia?
 - c. ¿Canto tempo transcorre entre a recepción dos terreos e a posta a disposición á empresa para executar a nave?



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que para a semana que ven precisamente hai unha reunión convocada para tratar ese tema, porque nun primeiro momento se mirara na feira e urbanísticamente non se podía, polo que se esperou a recepcionar os terreos no polígono, o que sucedeu hai uns meses de forma oficial.

2. O pasado domingo facía explosión un compensor de aire no campo de fútbol do Cemedo . Con relación a este asunto, preguntamos:
 - a. ¿Foron realizadas todas as inspeccións regulamentarias dos equipos de presión e demais instalacións de regulamentación industrial en tempo e forma?.
 - b. ¿Vai realizar o Concello un informe sobre o fallo do compresor, para averiguar as causas da explosión, e dirimir as responsabilidades pertinentes?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se deu parte ó seguro, e o perito dixo que podía ser ou non do compresor, polo que se está a analizar a causa, xa que non pasara aínda ningunha inspección porque era novo.

E.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO iVi EN DATA 02/03/2015 (Nº DE REXISTRO 1365):

Por parte do Grupo Municipal do i.V.i. fórmulanse os seguintes rogos:

1. Na Avda. Ramón Canosa e Avda. Gerardo Arguindei Banet, que unen Viveiro e Celeiro, falta un total de 26 árbores. Por elo ROGAMOS o equipo de goberno faga todas as xestións pertinentes para a reposición de dita arboreda nesa zona.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non ten coñecemento da cantidade exacta, indicando que para a súa reposición é preciso realizar obra polo que hai que contar co orzamento preciso.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., d. Jesús Fernández Fernández para dicir que pide que se vaia facendo pouco a pouco.

2. No paseo da fachada e variante de Viveiro faltan varias farolas dende hai tempo, que xa se reclamaron noutras ocasións e, así mesmo, na ponte da variante, na marxe dereita, en dirección a Viveiro faltan 3 farolas, así como tamén outra antes da entrada na ponte. Por elo ROGAMOS a colocación das mesmas, a maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as que faltan, igual que as subterráneas, que estaban na zona de Santa María do Campo son produto de actos de vandalismo, e que



cada unha custa entorno a 1.500 euros, pero que xa están pedidas e se colocarán en breve.

3. No pleno de novembro de 2014 presentábase un rogo referente á necesidade de actualización e mellora da páxina web do Concello, e así mesmo a presenza nas redes sociais. Por parte da Sra. Alcaldesa indicábase que antes de final de ano estaría operativa unha nova. Como sexa que pasaron xa dous mesmos e, polo que incidimos de novo e ROGAMOS nos indiquen en que punto se atopa a confección da mesma e para cando está previsto que estea operativa na rede.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que hoxe fixo o saúda da páxina web, e que estará lista conta que en cuestión dunha semana.

4. Segundo nos indicaron a pista da ruta dos muiños en Xunqueira está bastante desfeita, é polo que ROGAMOS nos indiquen se está prevista algunha actuación sobre dela.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o vixiante de obras manifesta que está en condicións aceptables.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que hai 3 ou 4 semanas non o estaba e o concelleiro de obras tiña constancia.

5. En varias ocasións preguntamos sobre o arranxo da rúa Calvario, en Celeiro, como sexa que nos seguen chegando queixas sobre o estado lamentable da mesma, ROGAMOS nos indiquen se a curto prazo está prevista algunha actuación sobre a mesma.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa está previsto, que xa hai RC e se vai arranxar esa zona.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que cando se vai a un enterro a Celeiro os veciños preguntan por este tema.

6. ROGAMOS nos indique a Alcaldía se houbo resposta por parte da Consellería de Educación da reunión solicitada en varias ocasións para tratar os temas do Conservatorio e do PXOM, e así mesmo en que situación se atopa este último.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o anterior conselleiro non contestou e se mandou outra carta e se chamou pero aínda non se ten resposta.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para preguntarse se pechou a consellería e di que o vai seguir pedindo mentres esteña.



7. Igualmente, estaba solicitada unha reunión conxunta con Portos de Galicia e Costas. ROGAMOS nos indiquen se houbo algunha contestación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que lles teñen manía.

8. Varios usuarios do porto deportivo de Viveiro fixéronno chegar as súas queixas sobre o escaso calado existente. Por elo ROGAMOS que por parte do Concello se lle solicite e esixa a Portos de Galicia e á concesionaria do porto a inmediata actuación para o dragado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que toman nota e se realizarán as xestións.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que segundo saiu no periódico Portos se vai facer cargo do asunto, dicindo que pon “Rivadeo-Viveiro”.

9. Na recente visita da Conselleira de Medio Ambiente ó porto de Celeiro, o pasado día 23 de febreiro, por parte deste grupo municipal fíxose entrega das documentación referente á rexeneración da ría de Viveiro e á actuación no Souto da Retorta, asuntos tratados en pleno en diversas ocasións, e sen resposta algunha ata o día de hoxe. Por isto ROGAMOS ó equipo de Goberno que se solicite unha entrevista con dita Conselleira, para abordar estes temas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que foi onte a Santiago, tendo solicitada unha cita para falar desta tema, sendo un anuncio do que agora é Alcalde de Santiago. Di que a derivaron a Augas de Galicia e o director non lle soubo decir nada, polo que a ningunearon, pero non a ela, senón a todos os vecinos de Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que se perdeu a documentación pero tamén os orzamentos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que respecto ó Souto da Retorta non dixeron nada de forma oficialmente pero extraoficialmente tense coñecemento de que se vai realizar unha inversión.

10. Nas rúas, Avda. Villalba e Lodeiro o firme presenta varios fochas. ROGAMOS a actuación sobre as mesmas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se vai realizar cando o tempo o permita.

11. ROGAMOS ó equipo de Goberno a realización dunha campaña de concienciación ós donos de animais, para non deixar excrementos nas rúas. Así



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: concello@viveiro.es

mesmo, solicitamos máis control e aplicación da ordenanza municipal ó respecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se fixeron campañas e houbo unha reunión do delegado de seguridade e inspector da policía local coa intención de realizar un previo aviso e campañas de concienciación e en último caso aqñnda que non haxa afán recaudatorio multar.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que son máis sucios os donos dos cans que os propios cans e se se aplica a normativa e se lles sanciona aprenderáin para a próxima vez.

12. Ase mesmo, tamén ROGAMOS a realización dunha campaña e a aplicación da normativa vixente en canto a deixar enseres nas rúas, espazos públicos, etc. fora das datas de recollida, e que dan un aspecto pouco decoroso as citadas zonas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concello presta este servizo de forma gratuita un día á semana e ás veces dous.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para dicir que hai que dar difusión a que días se presta para que a xente o conexa e se concencie, xa que se teñen un servizo gratuito, que máis se quere.

13. Como sexa que dende o pasado verán lévase estudiando a nova ordenanza municipal do servizo de taxis no noso Concello, é polo que ROGAMOS á Sra. Alcaldesa nos indique en que punto se atopa a realización de dita ordenanza.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que maña está convocadfa unha reunión cos voceiros por este asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:45 horas do día 12 de marzo de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,